

Documento informativo

O Programa Integrado de Empleo da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol 2020 / 2021 está organizado pola Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol e está financiado pola Xunta de Galicia e o Servizo Público de Empleo Estatal. Desenvolverase entre o 9 de novembro de 2020 e o 8 de novembro de 2021.

Dirixese a mulleres desempregadas dos Concellos de Ares, Cedeira, Cabanas, Fene, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño que cumpran polo menos algún destes requisitos: posuír certificado de discapacidade, ter a condición de vítima de violencia de xénero, ser menor de 30 anos, ser maior de 45, percibir a RISGA, prestacións, subsidios por desemprego ou RAI, ser inmigrante.

Obxectivo e actividades

O obxectivo deste Programa Integrado de Empleo concrétese en mellorar a empregabilidade e facilitar a inserción laboral das participantes a través de:

- Accións formativas (relacionadas coa Atención sociosanitaria, a Administración, a Atención e coidado da infancia, o Comercio e a Loxística, Peixaría, Carnizaría... e talleres de Técnicas de coaching e intelixencia emocional, de idiomas, de habelencias sociolaborais, de procura de emprego, de Fomento da capacidade emprendedora, de entrevista laboral, de ofimática... En función dos perfís formativos, as preferencias e os obxectivos profesionais das usuarias poderán programarse outras accións formativas distintas das sinaladas anteriormente.

Cómpre salientar a previsión da realización de dous certificados de profesionalidade: SSCS0208 – Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións Sociais (de nivel 2), e ADGG0408 – Operacións auxiliares de servizos de administración e xerais (de nivel 1).

- Sesións individuais de orientación e asesoramento. Elaboración dun itinerario persoal de inserción.
- Realización de prácticas profesionais non laborais en empresa.

Medidas de conciliación

Unha vez realizada a oportuna valoración da situación familiar das persoas participantes que puidesen necesitar algún servizo de conciliación para o coidado da infancia ou de persoas dependentes, poderán recibir o apoio necesario para cubrir a necesidade detectada (por exemplo, a través da reserva de prazas para a atención á infancia por parte dos Concellos participantes, mediante servizos de atención á infancia e a persoas dependentes contratados externamente,...).

Así mesmo, para facilitar a participación, os horarios das actividades procurarán establecerse tendo en conta as circunstancias familiares das usuarias do PIE e, tamén, poderán realizarse en modalidade de teleformación.

Axuda económica

Todas as persoas demandantes que participen no Programa Integrado de Empleo terán dereito a percibir unha bolsa consistente en sete euros por día de asistencia ás accións colectivas do programa. As bolsas faranse efectivas tras constatar que asisten e seguen con aproveitamento as accións que dan dereito a cobrar as bolsas e que realizan as enquisas de valoración pertinentes.

Compromiso

As persoas que sexan seleccionadas para participar neste PIE deberán comprometerse a realizar (agás causa de forza maior) un mínimo de 300 horas de formación e cinco accións individuais co equipo técnico.

Información:

- www.comarcaferrolterra.es
- piemancomunidade@ferrol.es ou nos teléfonos 697874155, 670304224, 981944000 (ext. 378).
- Departamentos de Empleo e Formación ou Servizos Sociais dos Concellos indicados.

Prazo de inscrición: do 18 ao 25 de novembro de 2020.